

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE FEBREIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 13 de febreiro de 2020, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 10 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 11)
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste aos puntos 2d e 4b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 6 de febreiro de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. CARLINGAL, S.L.
2. PAIPEL-OR, S.L.
3. PAZ DISMAC, S.L.

Os tres licitadores presentaron a documentación requirida dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



1. CARLINGAL, S.L.
2. PAIPEL-OR, S.L.
3. PAZ DISMAC, S.L.

- b) Comprobado na mesma sesión que ningunha das ofertas presentadas polos licitadores, abertas na sesión do 6 de febreiro de 2020, están incursas en presunción de anormalidade, e aplicando o disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, ordénanse as ofertas pola seguinte orde decrecente:

	Licitador	% de desconto único dos prezos unitarios
1	CARLINGAL, S.L.	12%
2	PAZ DISMAC, S.L.	11%
3	PAIPEL-OR, S.L.	8%

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 6 de febreiro de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. CARLINGAL, S.L.
2. GRUPO DISOFIC
3. PAIPEL-OR, S.L.
4. PAZ DISMAC, S.L.
5. SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES, S.L.

Os cinco licitadores presentaron a documentación requirida dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CARLINGAL, S.L.
 2. GRUPO DISOFIC
 3. PAIPEL-OR, S.L.
 4. PAZ DISMAC, S.L.
 5. SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES, S.L.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula abertas na sesión do 6 de febreiro de 2020.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. INTUR ESPORT S.L.
2. SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:08	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB49-CCD2BA-8D4B34-3QLEK1-67MPQR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% de desconto único dos prezos unitarios
1	CARLINGAL, S.L.	12%
2	PAZ DISMAC, S.L.	11%
3	PAIPEL-OR, S.L	8%

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLINGAL, S.L. (B-32.170.961), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 autoestrada AP-9V (359-441)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data 29 de xaneiro de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. - NAROM, S.L., a resolución de clasificación e o requirimento da presentación da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP e no PCAP.

Dentro do prazo concedido para o efecto, o licitador presentou a documentación requirida. Logo da súa cualificación a Mesa considerou que é correcta.

No entanto, de conformidade co disposto no apartado 16F do Anexo I -FEC- do PCAP a adxudicación deste procedemento queda suspendida ata a "formalización da addenda modificativa do Convenio suscrito en data 31.05.2018, actualmente en tramitación polas administracións asinantes, ADIF, Concello de Vigo e Xunta de Galicia".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:08	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB49-CCD2BA-8D4B34-3QLEK1-67MPQR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:08	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB49-CCD2BA-8D4B34-3QLEK1-67MPQR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		